

Á MESA DO PARLAMENTO

O grupo parlamentar da **Alternativa Galega de Esquerda**, a iniciativa da deputada **Eva Solla Fernández** e **Xabier Ron Fernández** e ao través da vicevoceira **Yolanda Díaz Pérez**, ao abeiro do artigo 160 do Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposición Non de Lei para debate Plenario, relativa ao tratamento das persoas que padecen hepatitis C.**

Exposición de motivos

A enfermidade hepática causada polo Virus de Hepatite C (VHC) constitúe un grave problema de saúde pública calculándose, en cifras do Ministerio de Sanidade, Igualdade e Asuntos Sociais, que unhas 700.000 persoas son portadoras deste virus no conxunto do Estado.

Até recentemente os medios de tratamento dispoñibles producían altas taxas de fracaso terapéutico, ademais de ter unha elevada toxicidade e efectos secundarios graves, dándose ademais numerosos casos de doentes que non podían someterse a elas por intolerancia a algún dos fármacos empregados.

Como consecuencia, na actualidade en Galicia hai unha cantidade importante de persoas enfermas diagnosticadas, en diferentes estadios de evolución da Hepatite C que non están sendo tratados, e que teñen como única alternativa a vixilancia da súa evolución á espera de chegar a un estado que determinase a idoneidade dun transplante hepático.

Esta situación veuse radicalmente alterada coa aprobación recente de novos fármacos. Particularmente transcendente foi a aprobación do Sofosbuvir, un antiviral de acción directa sobre o VHC, pola axencia europea do medicamento (EMA) a principios do ano 2014. A comercialización deste medicamento no territorio español foi aprobada pola Dirección General de Farmacia y Productos Sanitarios o 5 de marzo de 2014.

O día 24 de setembro de 2014 a daquela Ministra de Sanidade anunciou publicamente que o Ministerio acadara un acordo co fabricante do fármaco para incluílo na sanidade pública e que os médicos o puidesen prescribir a aqueles doentes que o precisen, engadindo que a proposta se trasladaría inmediatamente á Comisión Interministerial de Prezos dos Medicamentos, e que “en outubro podrán disponer los médicos de ese medicamento en toda España, para aplicarlo a los pacientes que lo necesiten”.

Desde aquela hai elaborado un Protocolo de Posicionamento Terapéutico e un Documento de Priorización que están sendo aplicados no caso de Galicia pola subcomisión para o Tratamento da Enfermidade Hepática, constituída na Consellería de Sanidade.

A día de hoxe sucédense as declaracións públicas dos hepatólogos a través da Asociación Española para o Estudo do Fígado reclamando que os criterios para a dispensación do tratamento no sistema público sexan máis inclusivos e cifrando a necesidade de tratamentos urxentes a aplicar no territorio do estado nun mínimo de 30.000 para o ano en curso.

Por outra parte, a inquietude e as queixas dos doentes de hepatitis C, particularmente dos post-transplantados non negativizados e dos que se atopan en fase cirrótica (F4) van en aumento ao comprobar como nuns casos a súa situación non é contemplada dentro dos criterios de elixibilidade que se aplican de para o acceso ao fármaco, e noutros moitos a solicitude cursada polos seus hepatólogos, unha vez determinado que cumpren os requisitos establecidos polo Ministerio e recollidos nas Instrucións do acceso aos tratamentos da Hepatite C cursadas pola Dirección xeral de Asistencia Sanitaria, son rexeitados ou non contestados.

Dada a gravidade do tema que nos ocupa, **Alternativa Galega de Esquerda presenta a seguinte proposición Non de Lei:**

- **O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a ao Goberno de España a garantir que o acceso ás novas terapias para os doentes de Hepatite C que o precisan se produza de acordo co criterio dos médicos especialistas que os atenden en cada caso, dispoñendo todos os recursos que sexan precisos para a atención dos casos definidos como de tratamento urxente pola Asociación Española para el Estudio del Hígado na súa recente reunión co Ministerio de Sanidad, Igualdad y Asuntos Sociales. Así mesmo insta ao goberno da Xunta de Galicia a tomar as medidas necesarias para que a terapia cos novos fármacos para a Hepatite C se dispense nas farmacias hospitalarias a aqueles doentes aos que lles sexa prescrita polos seus médicos especialistas do Servizo Galego de Saúde, de xeito inmediato á súa prescrición.**

Compostela, 14 de Xaneiro de 2015

Asdo. Eva Solla Fernández

Asdo. Xabier Ron Fernández

Asdo. Yolanda Díaz Pérez



Asinado dixitalmente por:

Yolanda Díaz Pérez na data 14/01/2015 10:08:19

Eva Solla Fernández na data 14/01/2015 10:08:22

Jose Javier Ron Fernandez na data 14/01/2015 10:08:27